

Curso Superior de Relacións Laborais

Comezo: 13 de xaneiro de 2017
Remate: 7 de xullo de 2017
Duración: 200 horas lectivas
Lugar: Santiago de Compostela



**CONSEJO GALEGO
DE RELACIONES LABORAIS**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

OBXECTIVOS E DESTINATARIOS

A partir da experiencia adquirida ao longo das precedentes edicións do **Curso** que se presenta, así como da súa consolidación, o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela ofertan aquel por vixésimo sétimo ano consecutivo, conscientes da demanda pola sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no eido das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado que se mostra cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos e as esixencias organizativas daquelas. Neste sentido, preténdese que o alumnado atope no **Curso** un lugar de exposición e debate das sucesivas reformas que se veñen producindo na lexislación laboral, que afectan, ademais de ao mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do contrato de traballo), á **negociación colectiva**, á **representación dos traballadores na empresa**, á **seguridade social** e á **seguridade e saúde laboral**. Así mesmo, non cabe esquecer a incidencia que está a ter o **dereito social da Unión Europea** sobre as lexislacións sociais dos distintos Estados membros. A adaptación dos contidos didácticos ao novo marco legal e convencional polo que están chamadas a discorrer as relacións laborais e de seguridade social, presente en anteriores edicións do **Curso**, proséguese nesta, na que se terán en conta as consecuencias prácticas dos moi intensos procesos de reforma producidos nos últimos anos, pretendéndose ofrecer solucións fronte aos problemas que presenta a aplicación das novas normas, tanto laborais como de seguridade social.

Diríxese o **Curso**, principalmente, a cantos pretenden unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral, facilitando a súa capacitación para resolver as cuestións asociadas ás relacións laborais e á xestión de recursos humanos. Soporte de tal finalidade é o tratamento e a exposición dos temas cunha **orientación práctica**, axustada á realidade empresarial, xudicial e administrativa, con eventual constitución de grupos de traballo para o exame e discusión dos supostos prácticos que forman parte do contido das ensinanzas programadas e que na súa proporción, na relación coas exposicións teóricas, vén crecendo nos últimos anos. Tales ensinanzas distribúense ao longo de seis módulos que se complementan con diversas conferencias, intervencións dos axentes sociais e visitas a empresas.

Dado o seu obxectivo, contido, método e necesidade de adecuar os programas de estudos universitarios a unha situación social e económica en constante evolución, que pide actualizar periodicamente os coñecementos e amplialos respecto dos adquiridos ao longo da licenciatura, grao ou diplomatura, este **Curso** resulta particularmente apropiado como medio de especialización e perfeccionamento profesional das persoas con licenciatura ou grao en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Administración e Dirección de Empresas e Ciencias Económicas e Empresariais, e tamén das persoas diplomadas en Relacións Laborais (todos eles baixo a denominación de **Curso de Especialización**), así como das persoas non tituladas responsables de Recursos Humanos e Relacións Laborais e asesoras e cadros das organizacións sindicais e empresariais (baixo a denominación de **Curso de Experto**).

A superación do curso permite obter, segundo sexan as circunstancias do alumnado, o título de especialista ou o diploma de aproveitamento, expedido pola Universidade de Santiago de Compostela, ao formar parte aquel da oferta de estudos de posgrao e formación continua da citada Universidade (<http://www.usc.es/cpt>).

CALENDARIO

Os días lectivos do **Curso** son os sinalados no calendario. As clases impartiranse nas aulas da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, ordinariamente na súa Sala de Conferencias prof. Lete del Río e en horario de tarde, de 16.30 a 20.30 h. A inauguración do Curso, o 13 de xaneiro, terá lugar na Sala de Xuntas da Facultade de Dereito da USC e a súa clausura, o 7 de xullo, terá lugar no Salón de Graos da Facultade de Dereito.

O alumnado debe ter en conta, ao matricularse, que **os días ou horario sinalados para a celebración das sesións ordinarias poden experimentar algunhas variacións** por circunstancias eventuais que afecten á súa organización. Tales variacións serán sempre anunciadas con suficiente antelación aos asistentes. Ao comezo de cada mes natural entregarase unha relación dos temas e dos seus correspondentes relatores.

Mes	Dom	Lun	Mar	Mer	Xov	Ven	Sáb
	1	2	3	4	5	6	7
Xan 2017	8	9	10	11	12	13	14
	15	16	17	18	19	20	21
	22	23	24	25	26	27	28
	29	30	31	1	2	3	4
Feb 2017	5	6	7	8	9	10	11
	12	13	14	15	16	17	18
	19	20	21	22	23	24	25
	26	27	28	1	2	3	4
Mar 2017	5	6	7	8	9	10	11
	12	13	14	15	16	17	18
	19	20	21	22	23	24	25
	26	27	28	29	30	31	1
Abr 2017	2	3	4	5	6	7	8
	9	10	11	12	13	14	15
	16	17	18	19	20	21	22
	23	24	25	26	27	28	29
Mai 2017	30	1	2	3	4	5	6
	7	8	9	10	11	12	13
	14	15	16	17	18	19	20
	21	22	23	24	25	26	27
Xun 2017	28	29	30	31	1	2	3
	4	5	6	7	8	9	10
	11	12	13	14	15	16	17
	18	19	20	21	22	23	24
Xul 2017	25	26	27	28	29	30	1
	2	3	4	5	6	7	8

PROGRAMA

Módulo I (10 h.)

Dereito Social da Unión Europea

Módulo II (60 h.)

Relación individual de traballo

Módulo III (30 h.)

Política e xestión integrada dos recursos humanos

Módulo IV (50 h.)

Relacións colectivas de traballo

Módulo V (25 h.)

Dereito Administrativo do Traballo. Saúde Laboral.

Dereito penal do traballo

Módulo VI (20 h.)

Seguridade Social

Outras actividades lectivas (5 h.)

MÓDULO VI (10 H.). DEREITO SOCIAL DA UNIÓN EUROPEA

1. A política social da Unión Europea.
2. Libre circulación de traballadores. A liberdade de establecemento e de prestación de servizos.
3. A harmonización das lexislacións sociais.
4. A política de emprego. O Fondo Social Europeo.
5. A autonomía colectiva.
6. O comité de empresa europeo; a información e consulta ao persoal traballador nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria.

MÓDULO II (60 H.). RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO

Problemas asociados á celebración do contrato de traballo e os tipos de contratos (I)

1. Cuestións da cualificación xurídica.
2. Período de proba.
3. Contratos formativos.
4. Duración: Contratos por tempo indefinido. Contratos de duración determinada.

Problemas asociados á celebración do contrato de traballo e os tipos de contratos (II)

1. Identificación do empresario. Especial consideración do grupo de empresas e das súas responsabilidades laborais.
2. O cambio de empresario. A subrogación empresarial: causas determinantes. Efectos.

Problemas asociados á celebración do contrato de traballo e os tipos de contratos (III)

Incentivos á contratación laboral.

Salario

1. Estrutura salarial.
2. Sistemas retributivos. Especial consideración do salario a rendemento.
3. Igualdade retributiva. Problemas da dobre escala salarial.
4. Protección do salario. Créditos salariais en empresas concursadas. O Fondo de Garantía Salarial.

Organización do traballo (I)

1. Tendencias xerais e actuais da ordenación do tempo de traballo.
2. O traballo a tempo parcial.

Organización do traballo (II)

1. Descentralización produtiva e Dereito do Traballo
2. Contratas e subcontratas de obras e servizos. Tipos.
3. Réxime de responsabilidades laborais nos supostos de subcontratación.

Organización do traballo (III)

1. Determinación da prestación do traballo: A clasificación profesional.
2. A mobilidade funcional. Tipos e límites.
3. Polivalencia funcional.

Organización do traballo (IV)

1. Modificación substancial das condicións de traballo.
2. Mobilidade xeográfica.
3. Modificacións substanciais e mobilidade xeográfica en empresas en concurso

Organización do traballo (V)

O poder disciplinario do empresariado.

Extinción do contrato (I):

Imposibilidade sobrevida de cumprimento: Despedimentos colectivos. Elementos definitorios. Procedemento. Efectos. Especialidades nas empresas en concurso.

Extinción do contrato (II):

Imposibilidade sobrevida de cumprimento:

1. Despedimento obxectivo. Causas. Especial consideración da amortización de postos. Procedemento. Efectos.
2. Outras causas

Extinción do contrato (III):

Despedimento disciplinario

1. Causas. Formalización.
2. Impugnación.
3. Execución provisional e definitiva da sentenza.

Casos prácticos

Sobre problemas xurdidos no desenvolvemento das relacións individuais de traballo.

MÓDULO III (30 H.). POLÍTICA E XESTIÓN INTEGRADA DE RECURSOS HUMANOS**Estilos de dirección e de presentacións efectivas**

1. Catro estilos básicos e catro secundarios de comportamento.
2. Procedementos para acadar a mellor comunicación posible con cada estilo.
3. A audiencia segundo a súa actitude favorable ou desfavorable cara á persoa que o presenta, cara ao asunto ou cara á persoa que o presenta e ao asunto. Como adaptarse aos seus coñecementos e ao seu nivel sociocultural. Como adaptarse a unha audiencia hostil.
4. Os propósitos das presentacións. A exposición informativa; a presentación persuasiva; o discurso improvisado en determinadas ocasións.
5. Procedementos para aumentar a credibilidade da persoa que o presenta: os chamados “materiais de proba persoal”.
6. Modelos e recursos para construír mensaxes persuasivas que convezan ao auditorio.
7. As categorías da comunicación non verbal.

A función directiva ante o cambio

1. Orixes e desenvolvemento da función directiva: da artesanía á dirección por sistemas.
2. Principios fundamentais do “pensamento lateral”.
3. A teoría de sistemas aplicada á dirección: subsistemas núcleo, explotación, evolución e mutación.
4. Concepto de evolución: actitudes directivas e matriz de evolución/diversificación.
5. O ciclo vital das organizacións: planificación estratéxica e táctica.
6. Ciclos de vida de negocios: análise do valor nos negocios.
7. Desenvolvemento dun caso práctico.

Estrutura da organización

1. A estrutura da organización como elemento estratéxico do ciclo vital.
2. Concepto de organigrama: factores a considerar para a súa definición. “Ámbito de supervisión” (S.O.S.).
3. Problemática staff e funcional.
4. Tipoloxía de organigramas: vantaxes e inconvenientes.
5. Novas técnicas de xestión: outsourcing, reenxeñería de procesos, etc.
6. Desenvolvemento dun caso práctico.

Desenvolvemento organizacional

1. A cultura e o cambio nas organizacións.

2. Análise cultural e renovación cultural.
3. Técnicas para o cambio organizacional. O traballo en equipo.
4. Dirección do cambio e liderado.
5. Auditorías de recursos humanos.

Planificación, desenvolvemento e xestión dos recursos humanos

1. Selección e contratación.
2. Motivación e participación.
3. Formación e desenvolvemento profesional.
4. Avaliación do desempeño.
5. Sistemas retributivos.
6. Flexibilidade laboral e organizativa.
7. Relacións laborais e negociación colectiva.
8. Comunicación interna.

MÓDULO IV (50 H.). RELACIÓNS COLECTIVAS DE TRABALLO

Sindicatos e representación sindical. Organizacións empresariais. A representación unitaria.

1. A liberdade sindical. Ámbito subxectivo. Contido.
2. A representatividade sindical. Sindicatos máis representativos e suficientemente representativos. Facultades.
3. Seccións e delegados/as sindicais.
4. Organizacións empresariais.
5. Comités de empresa e delegados/as de persoal.

Negociación colectiva

1. Acordos e pactos colectivos. Os convenios colectivos.
2. Os convenios colectivos no Estatuto dos Traballadores:
 - a) Problemas sobre as partes do convenio colectivo e a lexitimación para negociar.
 - b) Procedemento de negociación. A boa fe negocial.
 - c) Estrutura da negociación
 - d) Contido. Eficacia. Ámbitos. Vixencia e duración.
 - e) Impugnación do convenio.
 - f) Administración do convenio.
3. Convenios extraestatutarios.
4. Igualdade e negociación colectiva

Conflitos colectivos (I)

1. Procedementos de solución.
2. Acordos sobre solución extraxudicial de conflitos
3. O ASAC V

Conflitos colectivos (II)

1. O dereito de folga:
 - a) Problemas asociados á súa configuración constitucional, titularidade e exercicio. Análise da xurisprudencia constitucional e ordinaria.
 - b) Límites. Garantía dos servizos esenciais da comunidade.
 - c) Efectos.
2. O peche patronal.
3. Outras medidas de conflito colectivo.

Taller práctico sobre negociación colectiva

Casos prácticos

Sobre problemas xurdidos polas relacións colectivas de traballo.

Conferencia

O Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA).

MÓDULO V (25 H.). DEREITO ADMINISTRATIVO DO TRABALLO. SAÚDE LABORAL. DEREITO PENAL DO TRABALLO

Actuación inspectora e sanción das infraccións na orde social

1. Infraccións e sancións.
2. Visitas. Actas.
3. Procedemento sancionador.
4. Casos prácticos.

Outros procedementos administrativos (I)

1. Expedientes de crise.
2. Reclamacións de prestacións do Fondo de Garantía Salarial. Permisos de traballo de estranxeiros, etc.
3. Os informes da Inspección de Traballo.
4. Casos prácticos.

Outros procedementos administrativos (II)

Recursos:

- Impugnación de actas de infracción e de liquidación de cotas.
- Impugnación das resolucións administrativas sancionadoras.
- Impugnación de outras resolucións administrativas en materia laboral. Especial consideración dos recursos en materia de expedientes de crise e de prestacións do Fondo de Garantía Salarial.

Seguridade e hixiene

1. Estado actual da normativa española e da Unión Europea.
2. Lei de Prevención de Riscos Laborais: dereitos e obrigas. Órganos de prevención. Avaliación de riscos.
3. Infraccións en materia de Seguridade e Hixiene.
4. Sancións.
5. Responsabilidade civil, penal e administrativa do empresariado, do persoal traballador e dos mandos intermedios.

Dereito penal do traballo

1. Delitos contra os dereitos das persoas traballadoras.
2. Delitos contra a Seguridade Social.
3. Delitos contra a Prevención de Riscos Laborais.

MÓDULO VI (20 H.). SEGURIDADE SOCIAL

Aseguramento e cotización

1. Inscrición de empresas. Afiliación, altas e baixas das persoas traballadoras.
2. Cotización: suxeitos obrigados e responsables.
3. Recadación.
4. Casos prácticos.

Continxencias e prestacións

1. Caracterización xeral das prestacións económicas.
2. Incapacidade temporal e invalidez permanente.
3. Maternidade e paternidade. Risco durante o embarazo e durante a lactación natural.
4. Morte e supervivencia.
5. A protección por desemprego.
6. Xubilación.
7. Casos prácticos.

Seguridade social dos migrantes na Unión Europea

1. Recoñecemento das prestacións.
2. Cálculo das prestacións.
3. Xestión.

OUTRAS ACTIVIDADES LECTIVAS

- Intervencións dos interlocutores sociais: Mesa redonda cos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia), Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (SN de CCOO) e Confederación Intersindical Galega (CIG).
- Visitas a empresas
- Exames

CADRO DO PERSOAL DOCENTE

Compoñen o equipo docente profesorado de gran prestixio de distintas Universidades españolas e profesionais da Xudicatura, a Avogacía, a Administración e a xestión de recursos humanos.

ALBERTO ARUFE VARELA

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña*

PEDRO BLANCO LOBEIRAS

Avogado

JAIME CABEZA PEREIRO

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo*

XOSÉ MANUEL CARRIL VÁZQUEZ

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña*

M^a EMILIA CASAS BAAMONDE

*Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade Complutense de Madrid
Expresidenta do Tribunal Constitucional*

JOSÉ MARÍA CASAS DE RON

Xefe da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra

LIDIA DE LA IGLESIA AZA

Avogada

FERNANDO DÍAZ PIVIDAL

*Doutor Enxeñeiro Industrial
Profesor da Escola de Organización Industrial de Madrid*

CARLOS DOMENECH DE ASPE

Director Territorial para Galicia da Inspección de Traballo e Seguridade Social

JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de León*

EMILIO FERNÁNDEZ DE MATA

Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela*

FERNANDO GALINDO MEÑO

Xefe da Inspección de Traballo e Seguridade Social de León

JAVIER GÁRATE CASTRO

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela*

JUAN GARCÍA BLASCO

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Zaragoza
Membro do CES estatal*

LUIS GARCÍA-REVILLO SÁNCHEZ

*Profesor Titular de Recursos Humanos
Escola de Organización Industrial de Madrid*

IGNACIO GARCÍA-PERROTE ESCARTÍN

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade Nacional de Educación a Distancia
Avogado*

MARÍA PAZ GÓMEZ VÁZQUEZ

*Técnico da Administración da Seguridade Social
TGSS*

AGUSTÍN LÓPEZ-BOADO REY

Exdirector de Organización, Planificación e Reporting Recursos Humanos de ENDESA

JOSÉ MANUEL LORENZO SALGADO

*Catedrático de Dereito Penal
Universidade de Santiago de Compostela*

JESÚS MARTÍNEZ GIRÓN

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade da Coruña*

YOLANDA MANEIRO VÁZQUEZ

*Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela*

MARIA ISABEL MARIÑO BAAMONDE

*Xefa da Unidade Especializada Seguridade e saúde
Inspección de Traballo e SS de Pontevedra*

LOURDES MELLA MÉNDEZ

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela*

JOSÉ MARÍA MIRANDA BOTO

*Profesor Contratado Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela*

MIGUEL ANGEL PUIME REY

*Exdirectivo do Grupo PSA Peugeot Citroën
Avogado*

PEDRO RABANAL CARBAJO

*Maxistrado-xuíz do Xulgado do Social nº 4 de Ourense
Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social (excedente)*

TOMÁS SALA FRANCO

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Valencia*

BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA

Inspector de Traballo e Seguridade Social

ANTONIO VICENTE SEMPERE NAVARRO

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade Rey Juan Carlos de Madrid
Maxistrado da Sala IV do Tribunal Supremo*

JOSÉ LUÍS TORTUERO PLAZA

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade Complutense de Madrid*

FELICÍSIMO VALBUENA DE LA FUENTE

*Catedrático de Teoría Xeral da Información
Universidade Complutense de Madrid*

FERNANDO VALDÉS DAL-RÉ

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade Complutense de Madrid
Maxistrado do Tribunal Constitucional*

JOSÉ MANUEL DEL VALLE VILLAR

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Alcalá de Henares*

MARÍA TERESA VELASCO PORTERO

*Doutora en Dereito. Profesora Titular.
Universidade Loyola Andalucía*

ROSA VILA AMARELLE

Avogada

LUÍS ENRIQUE DE LA VILLA GIL

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Avogado*

ORGANIZACIÓN

Duración e lugar de celebración

As materias obxecto do programa serán desenvolvidas entre o 13 de xaneiro de 2017 e o 7 de xullo de 2017, normalmente dúas veces por semana, en horario de tarde (a partir das 16.30). A sesión de apertura, o 13 de xaneiro de 2017, terá lugar na Sala de Xuntas da Facultade de Dereito, e a de clausura, o 7 de xullo de 2017, terá lugar no Salón de Graos da Facultade de Dereito. As demais sesións impartiranse na Aula Lete del Río da Facultade de Dereito.

Asistencia, avaliación, diploma e expedición de título

A asistencia ás sesións do Curso quedará reflectida no correspondente parte, asinado polo alumnado ao comezo e ao remate de cada unha destas. Eventualmente poderán realizarse outros controles que permitan comprobar a presenza do alumnado en calquera outro momento das sesións.

Ao remate dos módulos I e II, do módulo III e dos módulos IV, V e VI, o alumno deberá realizar unhas probas sobre os contidos mínimos das materias impartidas neles. As ditas probas terán como finalidade verificar o aproveitamento das ensinanzas recibidas e potenciar o debate nas sesións.

A matrícula no Curso, a asistencia regular ás ensinanzas programadas e a realización das probas dá dereito á expedición do oportuno diploma pola Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Relacións Laborais. **A inasistencia ao 20% do total das sesións académicas, aínda que sexa xustificada, privará do dereito á obtención do diploma**, sen prexuízo de que poida emitirse certificación das sesións ás que se concorrera.

O concurso das condicións ás que se acaba de facer referencia, que leva a obtención da cualificación global de "apto", dará dereito tamén á expedición do correspondente título propio da Universidade de Santiago de Compostela. O referido título será de especialización, cando o alumno reúna as condicións previstas no art. 5 do regulamento de estudos de posgrao e formación continua da Universidade de Santiago de Compostela (DOG do 2 de marzo de 2001). Noutro caso, poderase solicitar a expedición do diploma de aproveitamento previsto para os Cursos de experto universitario (art. 7 do citado regulamento). Así mesmo, o alumnado que non obteña a cualificación de "apto" poderá solicitar unha certificación académica das materias cursadas. Tanto as solicitudes dos títulos como das correspondentes certificacións se farán na SECCIÓN DE POSGRAO, TERCEIRO CICLO E FORMACIÓN CONTINUA (Pavillón estudiantil, Campus Universitario Sur, 15782 Santiago de Compostela).

Para a expedición pola USC de Títulos Propios, Diplomas e Certificados é necesario realizar o pagamento das taxas que aprobe o Consello Social para cada ano académico.

Admisión e matrícula. Dereitos de inscrición

Os aspirantes a cursar estudos de posgrao propio deberán reunir os requisitos xerais que figuran no regulamento de estudos de posgrao e formación continua da Universidade de Santiago de Compostela. As solicitudes de admisión, en modelo normalizado (<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cptf/posgrao/formularios/P10-InscricionPosgrao.doc>) presentaranse, preferentemente, nos despachos dos directores na Facultade de Dereito, na área de Dereito do Traballo ou no *Consello Galego de Relacións Laborais*. O prazo e presentación das solicitudes comeza o 1 de setembro e manterase aberto ata o 31 de outubro.

Prazo de matrícula

O alumnado deberá formalizar a matrícula na SECCIÓN DE POSGRAO, TERCEIRO CICLO E FORMACIÓN CONTINUA (Pavillón estudiantil, Campus Universitario Sur, 15782 Santiago de Compostela) mediante modelo normalizado (<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cptf/posgrao/formularios/P11-MatriculaPosgrao.doc>) e aboarán o importe de matrícula que corresponda coa folla de liquidación de prezos públicos facilitada pola Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua no momento de formalizar a matrícula.

O importe da matrícula de 1.300 € e inclúe:

- O acceso ás ensinanzas técnicas e prácticas
- O dereito á realización dos test programados
- O acceso aos materiais e demais documentación considerada de utilidade, comprensiva, de ser o caso, do resumo das intervencións orais dos profesores
- A expedición do diploma (non do título propio) acreditativo da superación do curso
- Os desprazamentos para a visita de empresas
- A asistencia aos actos específicos do curso

O indicado importe da matrícula poderá ser aboado nos seguintes prazos e contías co impreso que lles será facilitado pola Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo da USC nos ditos períodos:

1º prazo: ata o 29 de novembro de 2016 - 650,00 €

2º prazo: ata o 16 de xaneiro de 2017 – 650,00 €

Para a obtención do título de especialización ou experto expedido pola Universidade de Santiago de Compostela, o alumnado deberá aboar as correspondentes taxas académicas. Así mesmo, será por conta do alumnado o pago da cantidade correspondente ao seguro escolar.

Número de prazos

O número de prazos limitase a setenta e cinco (75). Delas, 26 quedan reservadas para a súa ocupación polos designados polo Consello Galego de Relacións Laborais. A selección dos candidatos a ocupar as demais prazos efectuarase por orde de inscrición e curriculum.

COMISIÓN REITORA

Presidente/a do Consello Galego de Relacións Laborais

Marisa Peña Cebreiro

Secretaria Xeral do Consello Galego de Relacións Laborais

Luís Lima Rodríguez

Vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador

Javier Gárate Castro

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

COMISIÓN ACADÉMICA

Javier Gárate Castro

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

Jesús Martínez Girón

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

Jaime Cabeza Pereiro

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

Lourdes Mella Méndez

Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

Consuelo Ferreiro Regueiro

Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

Yolanda Maneiro Vázquez

Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

José María Miranda Boto

Profesor Contratado Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

DIRECCIÓN DO CURSO

Javier Gárate Castro

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela

José María Miranda Boto

Profesor Contratado Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

**SECRETARÍA TÉCNICA
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS**

Algalia de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: (981) 95.74.89 (de 9.00 a 14.00 h.)
E-mail: isabel.mosquera.bonome@xunta.es
Web: <http://cgrl.xunta.es>



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA